

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA AS VISITAS DO CASTELO DE SOUTOMAIOR E O SEU XARDIN DENTRO DA PROGRAMACION DO TREN TURISTICO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Deputación Provincial de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o remate dos compromisos contemplados por ambas administracións, por un período de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e Axencia de Turismo de Galicia, dentro da programación do Tren turístico de Galicia, en concreto co tren da “Ruta dos Pazos e xardíns históricos de Galicia”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia correspóndelle o impulso e o desenvolvemento da actividade turística, a mellora do sector turístico, e a creación, implantación e adecuación de novos produtos e recursos turísticos. E especialmente no que se refire ao presente convenio, correspóndelle posibilitar novos produtos turísticos dentro da programación do tren turístico de Galicia.

As liñas de traballo actuais da Axencia Turismo de Galicia apostan polo impulso do turismo nas diferentes comarcas de Galicia, segundo principios de xestión sostible e ligadas á aparición de novas demandas turísticas específicas. Esta campaña denominada Trens turísticos de Galicia contou xa dende



a súa primeira edición co Tren da Ruta dos Pazos e Xardíns Históricos de Galicia, no que se visitaban tres xardíns galegos impregnados de romanticismo e historia, entre eles, o do castelo de Soutomaior e o propio Castelo.

Segundo.- A lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece, no seu artigo 118, que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos. As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza da provincia de Pontevedra, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.

Terceiro.- O Castelo de Soutomaior constitúe un dos principais recursos turísticos da provincia de Pontevedra e do destino Rías Baixas. O seu uso, funcionamento e organización están regulados mediante ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación Provincial da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 26 de outubro de 2018 (BOP nº 218 de 13 de novembro de 2018). Segundo o artigo 3, son funcións e tarefas do Castelo de Soutomaior, entre outras, a programación de actividades e a realización de actividades de promoción e divulgación.

De conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público as Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer a cesión da titularidade da competencia.

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos no Castelo de Soutomaior, aprobada polo Pleno da Corporación Provincial da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 31 de xullo de 2018 (BOP nº 160 de 21 de agosto de 2018), “non están suxeitos a esta taxa os servizos que se presten en virtude de convenios con outras administracións públicas”.



Polo exposto as partes teñen interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, motivo polo que a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas accións obxecto do presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

